

Memoria xustificativa de proposta de “Máster en Gestión Sostenible del Agua”  
para presentar coa declaración de interese

Universidade de Vigo

# 1 Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

## 1.1 Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación)

Sobre a incidencia e beneficios xerais da proposta da titulación cabe destacar os seguintes datos:

- Segundo a ONU a demanda de auga potable aumentará un 50% antes de 2030
- A escasez a da auga afecta actualmente ao 11% do territorio da UE, agardando que aumente ata o 30% en 2030 (The European Water Platform)
- Estimacións da ONU suxiren que, se a degradación do medio e as presións insustentables sobre os recursos hídricos mundiais continúan, o 45% do PIB, o 52% da poboación e o 40% da produción de cereais a nivel mundial estarán en risco para 2050 (UNESCO)
- O 100% dos expertos do sector da auga consultados consideran o rol do experto en tratamento avanzado de augas prioritario a futuro en Galicia
- Espérase que a demanda mundial de auga aumente entre un 20 e un 30% por enriba do nivel actual ata 2050 (UNESCO)
- Estímase que o 80% do total das augas residuais e municipais libéranse ao medio sen ningún tratamento previo, o cal dá como resultado un deterioro crecente da calidade xeral da auga con impactos perxudiciais na saúde humana e os ecosistemas (UNESCO)

Neste contexto, a titulación ten como obxectivo formar profesionais que, no escenario actual, poida desempeñar o rol relativo a: experto en tratamento avanzado de augas. Trátase dun rol profesional que ten como obxectivo dominar o ciclo integral da auga (captación, potabilización e tratamento, distribución e depuración de augas residuais) e polo tanto a súa actividade profesional contribuirá na axeitada xestión do recurso hídrico no contexto dunha economía verde.

## 1.2 Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG

A titulación responde a necesidades identificadas no documento "*Galicia 2030: Proposta de novas titulacións para o SUG*", en particular, a titulación responde as necesidades vinculadas ao rol indicado non epígrafe 1.1.

## 1.3 Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación coa súa especialidade

A titulación concíbese con carácter interuniversitario, coa participación das universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

# 2 Mercado laboral

## 2.1 Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta

De acordo co Informe Mundial sobre o Desenvolvemento dos Recursos Hídricos das Nacións Unidas, '*A auga e o emprego*', a xestión da auga supón unha fonte de emprego

moi significativa a nivel mundial. En concreto, o informe estima que tres de cada catro traballos están relacionados cos recursos hídricos de forma directa ou indirecta, ao mesmo tempo que defende o papel chave que desempeñará a auga na transición cara a unha economía verde.

Nesta visión a futuro cómpre salientar, así mesmo, que CEDEFOP proxecta en relación co emprego deste sector a nivel estatal un crecemento interanual no horizonte temporal 2030 de preto do 1%.

## 2.2 Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia

Al titulación responde a un perfil profesional identificado no documento “Galicia 2030: perfís profesionais do futuro”

## 2.3 Interese particular e apoio por parte dalgún grupo de empresas (clúster/hub) que apoie a proposta

Cóntase co interese favorable por parte dun grupo importante de entidades do sector empresarial vinculado ao ámbito da titulación.

# 3 Demanda

## 3.1 Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

A titulación responde ás necesidades formativas dunha profesión identificada como perfil profesional do futuro para o SUG e polo tanto considérase xustificado o seu interese para o colectivo de interese.

# 4 Non duplicidade

## 4.1 Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade

Na Universidade de Vigo non hai ensinanzas que cubran esta formación de xeito específico

## 4.2 Acreditación de non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos)

Se acreditará unha vez deseñado o proxecto formativo.